

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas 2026), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG622A).

Advertido erro na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 10, do 16 de xaneiro de 2026, cómpre facer a seguinte corrección:

Substitúese o anexo V polo seguinte:

«ANEXO V**Requisitos de comunicación do financiamento público**

Responsabilidade da persoa beneficiaria.

As axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas son subvencións cofinanciadas con fondos da Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027. En relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto nos artigos 47, 50 e anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, durante o período de execución do proxecto ata que remate o período de xustificación da subvención, recoñecerá a axuda dos fondos europeos a través do Feder, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe:



https://igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-03-internacionalizacion/Cartel_Ayudas_Igape_GEE.pdf



 **XUNTA DE GALICIA**  Cofinanciado pola Unión Europea  **Fondos Europeos**

Esta entidade foi beneficiaria das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas



O obxectivo principal destas axudas é incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas.

O resultado que se pretende acadar é o impulso das pemes e os seus produtos e servizos, aumentando o número de empresas de base exportadora.

b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA



c) Exibirá nun lugar ben visible para o público, polo menos, un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación onde se destaque a axuda dos fondos europeos. Nos casos en que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información axeitada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:



https://igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-03-internacionalizacion/Cartel_Ayudas_Igape_GEE.pdf



The image is a promotional poster for internationalization aid for Galician companies. It features the logos of the Xunta de Galicia, the European Union, and the European Funds. The main text is in bold, stating that the entity was a beneficiary of aid for external promotion actions. Below this, there is a world map graphic and two paragraphs of text explaining the objectives and results of the aid.

 XUNTA DE GALICIA

 Cofinanciado pola Unión Europea

 Fondos Europeos

Esta entidade foi beneficiaria das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas



O obxectivo principal destas axudas é incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas.

O resultado que se pretende acadar é o impulso das pemes e os seus produtos e servizos, aumentando o número de empresas de base exportadora.

Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo lugar só é preciso colocar unha placa ou cartel.

d) Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a persoa beneficiaria deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación.

Este material deberá ser posto á disposición do organismo intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

e) A persoa beneficiaria deberá respectar, en todo momento, as orientacións recollidas no documento «Uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027» (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf) e as características técnicas descritas no anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060 (RDC)»

